

Bóla de sebo

Guy de Maupassant

Tradución de Emma Lázare Rodríguez



Guy de Maupassant

Bóla de sebo

Versión galega de Emma Lázare Rodríguez

Durante varios días seguidos pasaran pola vila retallos do exército derrotado. Non era a tropa, senón hordas en desbandada. Os homes, coas as barbas longas e sucias e os uniformes esfarrapados, avanzaban indolentemente, sen bandeiras, sen rexemento. Todos semellaban abatidos, esgotados, incapaces de pensar ou de tomar unha resolución, marchando só por rutina, caendo de canseira en canto paraban. Podíanse ver, sobre todo, mobilizados, xente pacífica, rendeiros tranquilos, dobrados baixo o peso do fusil; soldadiños da garda nacional móbil alerta, fáciles de asustar ou de entusiasmarse, prontos a atacar así como a fuxir; e tamén, polo medio deles, algúns calzas vermellas, restos dunha división esmagada nunha gran batalla; artilleiros sombríos a carón de infantaría diversa; e, ás veces, o brillante casco dun dragón que arrastraba os pés, seguindo con dificultade a marcha, máis lixeira, dos soldados rasos.

Lexións de francotiradores con nome heroico: "os Vingadores da Desfeita" –os "Cidadáns da Tumba" – os "Repartidores da Morte"– pasaban tamén, con aspecto de bandidos.

Os seus xefes, antigos comerciantes de panos ou de gran, ex-mercaderes de sebo ou de xabón, guerreiros de circunstancias, nomeados oficiais polos seus dobróns ou pola lonxitude dos seus bigotes, cubertos de armas, de flanela e de galóns, falaban con voz estentórea, discutían plans de campaña, pretendendo soste á Francia agonizante eles sós sobre os seus ombros de farfalláns; pero, ás veces, temían ós seus propios soldados, criminais, bravos a morte, saqueadores e libertinos.

Dicíase que os prusianos ían entrar en Rouen.

A garda nacional que, dende había dous meses levaba a cabo prudentes recoñecementos nos bosques limítrofes, fusilando ás veces as súas propias sentinelas e preparándose para o combate cada vez que un pequeno coello bulía entre a maleza, retornara para a casa. As armas, os uniformes, todo o aparato mortífero co que antes aterrorizaba polas lindes das estradas nacionais en tres leguas á redonda, desapareceran de súpeto.

Os últimos soldados franceses acababan de atravesar por fin o Sena para chegar a Pont-Audemer por Saint-Sever e Bourg-Achard; e, marchando atrás de todos, o xeneral, desesperado, que non podía intentar nada con aqueles farrapos disparatados, perdido el mesmo na gran desfeita dun pobo habituado a vencer e desastrosamente vencido a pesar da súa bravura lendaria, ía a pé, entre dous ordenanzas.

Despois, unha profunda calma, unha espera estarecedora e silenciosa planaran sobre a vila. Moitos burgueses barrigudos, debilitados polo comercio, agardaban ansiosamente polos vencedores, tremendo que se considerasen como armas os seus espetos de asar ou os grandes coitelos da cociña.

Parecía que a vida se detivera, as tendas estaban pechadas, as rúas mudas. Por veces algún habitante intimidado por aquel silencio escapulíase rapidamente pegado ás paredes.

A angustia da espera facía desexa-la chegada do inimigo.

Na tarde do día que seguiu á partida das tropas francesas, atravesaron a vila con celeridade uns ulanos que non se sabía de onde saíran. Algo máis tarde, pola costa de Sainte-Catherine descendeu unha masa negra, mentres outras dúas ondas invasoras aparecían polas estradas de Darnetal e de Boisguillaume. As vangardas dos tres corpos xuntáranse na praza do Concello xusto no mesmo instante; e por tódalas rúas laterais, chegaba o exército alemán, despregando os batallóns que facían resoa-lo pavimento co seu paso duro e rítmico.

Ordes berradas cunha voz descoñecida e gutural subían ó longo das casas que semellaban mortas e desertas mentres que, detrás das contras pechadas, algúns ollos axexaban a aqueles homes victoriosos, amos da vila, das fortunas e das vidas por "dereito de guerra". Os habitantes, na penumbra dos seus cuartos, sentían a loucura que provocan os grandes cataclismos, as grandes convulsións mortíferas da terra contra os cales toda sabedoría e toda forza son inútiles. A mesma sensación que aparece sempre que se inverte a orde establecida, cando a seguridade xa non existe e todo o que antes estaba protexido polas leis dos homes ou polas da natureza, se atopa á mercé dunha brutalidade inconsciente e feroz. O terremoto que esmaga baixo as casas derrubadas a todo un pobo; o río desbordado arrastrando mesturados ós labregos afogados cos cadáveres dos bois e coas vigas arrincadas dos teitos, ou o exército glorioso que mata ós que se defenden, levando ós outros prisioneiros, saquea en nome do sabre dando as gracias a un deus ó son do canón, son pragas espantosas que desconcertan toda crenza na xustiza eterna, toda a confianza que nos ensinaron na protección do ceo e na razón do home.

Pequenos destacamentos chamaban ás portas das casas e de seguida desaparecían no interior. Era a ocupación despois da invasión. Comezaba para os vencidos a obriga de mostrarse amables cos vencedores.

Ó cabo dalgún tempo, pasado o pánico inicial, estableceuse unha calma nova. En moitas casas o oficial prusiano comía á mesa coa familia. Ás veces era ben educado e, por cortesía, compadecía-se de Francia, manifestaba a súa repugnancia a ter que tomar parte naquela guerra. Agradecía-lle ese sentimento; ademais, calquera día, podían precisar da súa protección. Portándose ben con el quizá conseguiran ter menos homes que alimentar. E ¿por qué ían molestar a alguén de quen dependían totalmente? Proceder así sería temeridade máis ca valentía. E a temeridade xa non era un defecto dos burgueses de Rouen, coma o fora no tempo das defensas heroicas coas que se distinguira a súa cidade. Diciáanse, en fin, razón suprema sacada da urbanidade francesa, que estaba permitido ser cortés no interior sempre que non se amosase a familiaridade co soldado estranxeiro en público. Fóra non se coñecían, pero na casa parolaban de boa gana, e cada noite o alemán quedaba ata máis tarde quentándose a carón do lume común.

A vila mesma ía recuperando paseniñamente o seu aspecto normal. Os franceses aínda non saían moito, pero os prusianos pululaban polas rúas. Polo demais, os oficiais de húsares azuis que arrastraban con arrogancia a súa ferramenta de morte polo empedrado, non semellaban sentir polos simples cidadáns moito máis desprezo cós oficiais de cabalería, que, o ano anterior, bebían nos mesmos cafés.

Sen embargo había algo no ambiente, algo sutil e descoñecido, unha atmosfera estranxeira intolerable, como un cheiro estendido por todas partes, o cheiro da invasión. Enchía as vivendas e as prazas públicas, mudaba o sabor dos alimentos, tíñase a impresión de andar de viaxe, moi lonxe, entre algunhas tribos bárbaras e perigosas.

Os vencedores esixían diñeiro, moito diñeiro. Os habitantes pagaban sempre; polo demais eran ricos. Pero canto máis opulento é un negociante normando, máis sofre con todo sacrificio, con toda parte da súa fortuna que ve pasar ás mans de outro.

Máis a dúas ou tres leguas da vila, seguindo o curso do río, cara a Croisset, Dieppedalle ou Biessart, os mariñeiros e os pescadores sacaban a miúdo do fondo da auga algún cadáver de alemán inflado no uniforme, morto dunha coitelada ou dun golpe, coa cabeza esmagada cunha pedra, ou guindado á auga dun empurrón dende o alto dunha ponte. O lodo do río sepultaba estas vinganzas escuras, salvaxes e lexítimas, heroísmos ignorados, ataques mudos, máis perigosos cas batallas á luz do día e sen o rebumbio da gloria.

Porque o odio ó Etranxeiro sempre arma a algúns Intrépidos prontos a morrer por unha Idea.

Ó cabo, como os invasores, aínda que sometían a vila á súa inflexible disciplina, non cometeran ningún dos horrores que se lles atribuíran ó longo da súa marcha triunfal, os habitantes fóronse animando e a necesidade dos negocios meteuse de novo no corazón dos comerciantes do país. Algúns tiñan grandes intereses comprometidos no Havre ocupado polo exército francés, e querían tentar chegar a aquel porto indo por terra ata Dieppe onde embarcarían.

Así que recorreron ás influencias dos oficiais alemáns que coñeceran e obtiveron unha autorización de partida do xeneral en xefe.

Entón reservaron unha grande dilixencia de catro cabalos para a viaxe, e dez persoas se inscribiron na casa

do cocheiro. Resolveuse partir un martes pola mañá, antes do amencer, para evitar toda aglomeración.

Dende había xa algún tempo a xeadada endurecera a terra, e o luns, contra as tres, enormes nubes negras procedentes do norte trouxeron a neve, que caeu sen interrupción durante toda a tarde e toda a noite.

Ás catro e media da mañá reuníronse os viaxeiros no patio do Hotel de Normandía, onde debían montar no coche.

Aínda estaban mortos de sono e tremían de frío baixo as mantas que os cubrían. Non se vía ben na escuridade, e todos aqueles corpos avultados pola pesada vestimenta de inverno semellaban cregos obesos coas súas longas sotanas. Pero dous homes recoñecéronse, un terceiro achegouse a eles e conversaron :

–Eu levo á miña muller , dixo un.

–Eu vou ó mesmo.

–E eu tamén .

O primeiro engadiu :

–Nós non imos volver a Rouen, e se os prusianos se aproximan ó Havre marchamos para Inglaterra.

Todos tiñan os mesmos proxectos, sendo de temperamento semellante.

Sen embargo o coche seguía sen enganchar. Unha pequena lanterna que levaba un criado da corte dos cabalos saía de cando en vez dunha porta escura para desaparecer inmediatamente por outra. Cascos de cabalos batían na terra, amortecidos no estrume da corte, e oíase unha voz de home falándolles ás bestas e xurando aló no fondo do edificio. Un lixeiro son de cascabeis indicou que se manexaban os arreos; este murmurio axiña se transformou en tintine claro e continuo, ó ritmo do movemento do animal, parando ás veces, e volvendo a empezar cunha sacudida brusca acompañada do ruído xordo dun casco ferrado batendo no chan.

De súpeto pechouse a porta. Cesou o ruído. Os burgueses, xeados, calaron; permanecían inmóbiles e tesos.

Unha cortina ininterrompida de folerpas brancas escintilaba sen cesar caendo á terra; borraba as formas, empoeiraba as cousas cunha espuma de xeo, e no gran silencio da vila tranquila e sepultada baixo o inverno, non se oía máis ca ese roce vago, inefable e fluctuante da neve que cae, máis sensación ca ruído, mestura de átomos lixeiros que parecían enche-lo espacia, cubri-lo mundo.

O home apareceu de novo, coa súa lanterna, traendo por unha corda un cabalo triste que non viña de moi boa gana. Colocouno contra o temón, atou as correas, deu varias voltas ó redor para asegura-los arreos, pois só podía utilizar unha man, na outra levaba a luz.

Cando ía busca-la segunda besta viu todos aqueles viaxeiros inmóbiles, xa brancos de neve, e díxolles:

–¿Por qué non soben no coche? Polo menos estarán ó abrigo.

Non se lles ocorrera, sen dúbida, e alá se precipitaron. Os tres homes instalaron ás súas mulleres no fondo, subiron detrás; despois as outras formas indecisas e veadas ocuparon as últimas prazas sen intercambiar unha palabra.

Os pés afundíronse entre a palla que recubría o chan. As señoras do fondo, que trouxeran uns pequenos quentapés de cobre cun carbón químico, acenderon aqueles aparellos, e, por un intre enumeraron en voz baixa as súas vantaxes, repetindo cousas que xa sabían dende había moito tempo

Por fin, enganchada a dilixencia con seis cabalerías, en vez de catro, por causa da tracción máis dificultosa, unha voz dende fóra preguntou:

—¿Subiron todos?

Outra voz dende dentro respondeu:

—Si.

E partiron.

O coche avanzaba lentamente, lentamente, a pasiños curtos. As rodas afundíanse na neve; o habitáculo enteiro xemía con estralos xordos; as bestas esvaraban, arfaban, fumeaban, e o xigantesco látego do cocheiro estalaba sen repouso, voaba para tódolos lados, enrolándose e desenrolándose coma unha serpe fina, e azoutaba de súpeto unha anca redonda que se tensaba entón por un esforzo máis violento.

O día avanzaba imperceptiblemente. Aquelas folerpas lenes que un viaxeiro, ruanés de puro sangue, comparara cunha chuvia de algodón, xa non caían. Filtrábase un resplandor sucio a través das densas nubes escuras e cargadas que facían máis radiante a brancura do campo, onde aparecían ora unha ringleira de grandes árbores cubertas de xeadas, ora unha casopa cun capuchón de neve.

No coche mirábanse, con curiosidade, uns ós outros, á triste claridade daquela aurora.

No fondo, nas mellores prazas, adormiñaban, un fronte ó outro, o señor e a señora Loiseau, comerciantes de viño por xunto da rúa Grand-Pont.

Antigo dependente dun patrón arruinado nos negocios, Loiseau compráralle as existencias e fixera unha fortuna. Vendíalles moi barato un viño moi ruín ós pequenos comerciantes das aldeas e, entre os seus amigos e coñecidos pasaba por ser un tramposo raposeiro, un verdadeiro normando cheo de astucia e xovialidade.

A súa sona de tramposo estaba tan afirmada que, unha tarde, na Prefectura, o señor Tournel, autor de fábulas e de cancións, espírito mordaz e fino, unha gloria local, propuxéralles ás damas, que estaban algo amodorradas, xogar unha partida de "Loiseau Vole"; o conto mesmo voara polos salóns do prefecto e chegara ós da vila, facendo rir a tódalas queixadas da provincia durante un mes.

Loiseau era célebre ademais polos seus chistes de toda sorte, as súas bromas, pesadas ou graciosas; e ninguén podía falar del sen engadir inmediatamente:

"Non ten prezo, este Loiseau."

De talla exigua, exhibía un ventre redondo coroadado por unha face encarnada entre dúas patillas grisallas.

A súa dona, grande, forte, afoutada, coa voz alta e a decisión rápida constituía a orde e a aritmética da casa de comercio, que el animaba coa súa leda actividade.

Cabo deles sentábase, máis digno, pertencente a unha caste superior, o señor Carré-Lamadon, home notable, forte negociante en algodóns, propietario de tres filaturas, oficial da Lexión de Honor e membro do Consello xeral. Durante a época do Imperio fora xefe dunha oposición indulxente, unicamente por se facer pagar máis cara a adhesión á causa que combatía con armas cortesés, segundo a súa propia expresión. A señora Carré-Lamadon, moito máis nova có seu marido, era o consolo dos oficiais de boa familia enviados á gornición de Ruán.

Estaba sentada fronte ó seu esposo, moi pequeniña, moi feitiña, moi bonita, engruñada entre as peles, e miraba consternada o interior lamentable do coche.

Os seus veciños, o conde e a condessa Hubert de Bréville, levaban un dos apelidos máis antigos e máis nobres de Normandía. O conde, vello aristócrata de boa planta, esforzábase por acentuar, cos artificios do seu amaño persoal, o seu parecido natural co rei Henrique IV, que, conforme a unha lenda gloriosa da familia, empreñara a unha dama de Bréville, o marido da cal, consecuentemente, chegara a conde e gobernador de provincia.

Colega do Sr. Carré-Lamadon no Consello xeral, o conde Hubert representaba ó partido orleanista no departamento. A historia do seu casamento coa filla dun pequeno armador de Nantes seguía a ser un misterio. Pero, como a condesa tiña unha gran distinción, acollía mellor que ninguén ós seus invitados, pasaba incluso por ter sido amante dun dos fillos de Luís-Filipe, toda a nobreza a agasallaba, e o seu salón era o primeiro do país, o único onde se conservaba a vella galantería e onde era moi difícil entrar.

A fortuna dos Bréville, toda en bens raíces, alcanzaba, dicían, cincocentas mil libras de rendas.

Estas seis persoas formaban o fondo do coche, a banda da sociedade potentada, serea e forte, xentes honradas e acreditadas que teñen relixión e principios.

Por un estraño azar tódalas mulleres se atopaban no mesmo banco; e a condesa tiña inda por veciñas a dúas monxas que pasaban as contas de longos rosarios murmurando avemarías. Unha era vella, toda picada pola varíola como se lle dispararan a boca de xerro un tiro de metralla en plena cara. A outra, moi esmirrada, tiña unha cara bonita e enfermiza, e un peito de tísica roído por esa fe devoradora que fai os mártires e os iluminados.

Fronte ás dúas relixiosas, un home e unha muller atraían as olladas de todos.

O home, moi coñecido, era Cornudet o demócrata, o terror da xente respectable. Dende había vinte anos mollaba a grande barba vermella nos xerros de cervexa de tódolos cafés democráticos. Comera cos seus irmáns e amigos unha fortuna bastante elevada, herdada de seu pai, que fora pasteleiro, e agardaba con impaciencia pola República para obter, por fin, a praza merecida por tantas consumicións revolucionarias. O 4 de setembro, a causa dunha broma quizais, creu que o nomearan prefecto; mais cando quixo entrar en funcións, os empregados do despacho, únicos amos da praza, negáronse a recoñecelo, o que o obrigou a retirarse. Forte, bo rapaz, polo demais, inofensivo e servicial, empregárase a fondo para organiza-la defensa. Mandara cavar buratos nas chairas, abate-las árbores novas dos bosques lindeiros, enchera de trampas as estradas, e, cando o inimigo se aproximaba, satisfeito dos seus preparativos, repregárase rapidamente cara a vila. Agora pensaba que sería máis útil no Havre onde ían facer falla novas fortificacións.

A muller, unha desas chamadas galantes, era célebre pola súa gordura precoz, que lle valera o alcume de Bóla de Sebo. Pequena, toda redonda, toda touciño, cuns dedos inflados, máis estreitos nas falanxes, coma restras de salchichas curtas, a pel reluciente e tersa, un busto enorme que destacaba por baixo do vestido, seguía a ser, nembargantes, apetitosa e solicitada, tanto gusto daba ve-la súa louzanía. A súa cara era coma unha mazá encarnada, un botón de peonia pronto a florecer, e, nel abríanse, no alto, dous ollos negros magníficos, sombreados por grosas pestanas que os facían máis escuros; en baixo, unha boca encantadora, fina, húmida para o bico, cuns dentiños brillantes e microscópicos.

Ademais, segundo dicían, estaba chea de calidades inapreciables.

Tan pronto como foi recoñecida, houbo un murmurio entre as mulleres honestas, e as palabras "prostituta" e "vergoña pública" foron bisbadas tan alto que ergueu a cabeza. Entón botou sobre os veciños unha ollada tan provocadora e ousada que axiña reinou un gran silencio, e todo o mundo baixou os ollos a excepción de Loiseau, que a espiaba con aire de excitación.

Pero a conversa proseguiu axiña entre as tres damas, que a presenza daquela moza fixera de repente amigas, case íntimas. Tiñan que facer, segundo coidaban, un feixe coa súa dignidade de esposas fronte a esta vendida sen vergonza; pois o amor legal sempre está por riba do seu irmán libre.

Os tres homes tamén, unidos por un instinto de conservadores con respecto a Cornudet, falaban de diñeiro cun certo ton desdeñoso para os pobres. O conde Hubert falaba dos estragos que sufrira por culpa dos prusianos, das perdas que ía ter polo gando roubado e as colleitas perdidas, coa seguridade do gran señor dez veces millonario que estes desastres incomodarían a penas un ano. O Sr. Carré-Lamadon, moi afectado na industria algodoeira, tivera a precaución de enviar seiscentos mil francos a Inglaterra, unha minucia para un apuro, que reservaba en toda ocasión. Canto a Loiseau, arranxárase para venderlle á Intendencia francesa tódolos viños comúns que lle quedaban na adega, de tal sorte que o Estado lle debía unha cantidade formidable que contaba con cobrar no Havre.

E botábanse os tres olladas rápidas e amigables. Aínda que de condición diferente, sentíanse irmáns, polos cartos, da grande francmasonería dos potentados, que fan tintina-lo ouro cando meten a man no peto do

pantalón.

A carruaxe avanzaba tan lentamente que ás dez da mañá aínda non andaran nin catro leguas. Os homes baixaran tres veces para subi-las costas a pé. Comezaban a inquietarse, pois tiñan que xantar en Tôtes e agora xa desesperaban de chegar aló antes da noite. Todos miraban a ver se albiscaban algunha taberna na ruta cando a dilixencia se enterrou nun montículo de neve, e fixeron falla dúas horas para tirala de alí.

O apetito ía en aumento, turbaba os ánimos, e non se vía nin pousada nin taberna porque a proximidade dos prusianos e o paso das tropas francesas esfameadas espantaran tódalas industrias.

Os cabaleiros correron buscar provisións nas granxas da beira do camiño, pero non atoparon nin sequera pan, xa que os labregos, desconfiados, agochaban as reservas por temor a ser saqueados polos soldados que, como non tiñan nada que levar á boca, collían pola forza o que atopaban.

Contra a unha da tarde, Loiseau declarou que verdadeiramente tiña un furado no estómago. Todos ían sufrindo coma el dende había moito tempo, e a violenta fame, que seguía a aumentar, acabara coas conversas.

De cando en vez un bocexaba; outro de contado imitábao, e cada un, por quenda, segundo o seu carácter, educación ou posición social, abría a boca ostentosamente ou con modestia levando rápido a man ó oco aberto do que saía vapor.

Bóla de Sebo, en varias ocasións, inclinárase coma se buscara algo debaixo dos faldróns. Dubidaba un segundo, miraba para os outros e endereitábase tranquilamente. As caras estaban pálidas e crispadas. Loiseau afirmou que daría mil francos por un lomedro. A súa muller acenou para protestar, despois acougou. Non podía soportar oír falar de malgasta-los cartos nin de broma.

–A verdade é que eu non me atopo nada ben, dixo o conde; ¿como non se me ocorrería traer algo para comer?

Todos se facían o mesmo reproche.

Agora ben, Cornudet levaba unha cantimplora chea de ron; ofrecéullela: refusaron friamente. Só Loiseau aceptou un grollo, e, cando lla devolveu deulle as gracias.

–Está bo, así e todo, quenta e engana o apetito.

O alcohol púxoos de bo humor e propuxo facer coma no barquiño da canción: comer ó máis gordo dos viaxeiros. Esta alusión indirecta a Bóla de Sebo sorprendeu ás xentes ben educadas. Non responderon nada; só Cornudet sorriu. As dúas monxas pararan de murmura-lo rosario e, coas mans metidas nas amplas mangas, permanecían inmóbiles, cos ollos obstinadamente baixos, ofrecendo, sen dúbida, ó ceo o sufrimento que lles enviaba.

Por fin, ás tres, como se atopasen no medio dunha planicie interminable, sen un solo pobo á vista, Bóla de Sebo, abaixándose rapidamente, retirou de debaixo da banquetta unha gran cesta cuberta cun pano branco.

Primeiro sacou un pequeno prato de porcelana e un fino vaso de prata, logo unha gran cazola con dous polos enteiros partidos en anacos e confeitados na súa xelatina, e na cesta víanse aínda outras cousas boas alí envoltas, patés, froita, lambetadas, as provisións preparadas para unha viaxe de tres días, para non ter que proba-la comida das pousadas. Entre os paquetes de comida asomaban os colos de catro botellas. Colleu unha á de polo e púxose a comela delicadamente cun deses boliños de pan chamados "Régence" en Normandía.

Tódalas miradas se dirixían a ela. Despois estendeuse o aroma, dilatáronselles os orificios do nariz, a boca enchéuselles de auga cunha dolorosa contracción das mandíbulas por debaixo das orellas. O desprezo daquelas damas pola moza era feroz, sentían coma unhas ganas de matala, ou de tirala do coche embaixo, á neve, ela, o vasiño a cesta e mailas provisións.

Loiseau que devoraba cos ollos a cazola co polo, dixo:

–Vaia, a señora foi máis precavida ca nós. Hai xente que está en todo.

Ela levantou a cabeza cara a el:

–¿Quere vostede, señor? É duro levar tanto tempo sen comer.

Dixo el:

–Pois francamente, non lle digo que non, xa non podo máis. Na guerra, xa se sabe... ¿non é así, señora?

E botando unha ollada ó redor, engadiu:

–Nestes casos, canto vale ter alguén que nos socorra.

Estendeu un xornal que tiña, para non mancha-lo pantalón e, coa punta da navalla que levaba sempre no peto, sacou un zanco cuberto de xelatina, trabou nel e mastigou cunha satisfacción tan evidente que houbo no coche un gran suspiro de desesperación.

Bóla de Sebo cun ton humilde e doce propúxolles ás monxas que compartisen a súa colación. Aceptaron ámbalas dúas ó instante e, sen levanta-los ollos puxéronse a comer rapidamente despois de balbucir unhas palabras de agradecemento. Cornudet tampouco rexeitou a oferta da súa veciña, e formaron unha especie de mesa coas relixiosas despregando uns xornais sobre os xeonllos.

As bocas abríanse e pechábanse sen cesar, tragaban, mastigaban, engulían ansiosamente. Loiseau no seu recanto traballaba duro e, en voz baixa, animaba á súa muller a imitalo. Ela resistiuse moito tempo pero despois dun espasmo que lle percorreu as entrañas, cedeu. Entón o home, emperiquitando a frase, pediulle á súa "amable compañeira" se lle permitía ofrecer un anaquiño á Sra. Loiseau. Ela dixo:

–Claro, certamente, señor; cun sorriso amable e ofreceulle a cazola.

Cando destaparon a primeira botella de bordeos houbo un pequeno desconcerto: non había máis ca un vaso. Pasárono uns ós outros despois de limpalo. Soamente Cornudet, por galantería sen dúbida, pousou os beizos no lugar húmido aínda dos beizos da súa veciña.

Entón, rodeados de xente que comía, sufocados polas emanacións dos alimentos, o conde e maila condesa de Bréville, así coma os señores Carré-Lamadon padeceron ese suplicio odioso que conserva o nome de Tántalo. De pronto a xove esposa do manufactureiro lanzou un suspiro que fixo volve-las cabezas; estaba tan branca coma a neve do exterior; pechou os ollos, deixou cae-la cabeza: perdera o coñecemento. O marido, enlouquecido, imploraba axuda a todo o mundo. Ninguén sabía que facer, cando a máis vella das monxas, sostendo a cabeza da enferma, meteulle entre os beizos o vaso de Bóla de Sebo e fíxolle tragar un grollo de viño. A bonita dama moveuse, abriu os ollos, sorriu e declarou cunha voz agonizante que xa se sentía moito mellor. Pero para que aquilo non se repetira, a relixiosa obrigouna a beber un vaso cheo de burdeos, engadindo:

–Elle a fame, non lle é outra cousa.

Entón Bóla de Sebo, toda ruborizada e confusa, balbuciu mirando ós catro viaxeiros

en xaxún:

–Meu Deus, non me atrevo a ofrecer a estas damas e a estes cabaleiros...

Calou temendo un aldraxe. Loiseau tomou a palabra:

–¡Eh!, abofé que nestes casos todos somos irmáns e debemos axudarnos. Vamos señoras, sen cerimonia: ¡acepten, diaño! ¡Nin sequera sabemos se atoparemos unha casa onde pasa-la noite! De seguir a este paso, non chegamos a Tôtes ata mañá ó mediodía.

Dubidaban, ninguén quería asumir a responsabilidade do "si". Pero o conde resolveu a cuestión. Volveuse cara a gorda rapaza intimidada, e, con grandes aires de aristócrata, díxolle:

–Aceptamos moi agradecidos, señora.

O difícil foi da-lo primeiro paso. Pasado o Rubicón, aplicáronse todos con entusiasmo. Baleiraron a cesta. Aínda había un *paté* de *foie-gras*, outro de laverca, unha lingua afumada, peras de Crassane, un queixo de Pont-l'évêque, pasteis, unha cunca grande de cogombros e ceboliñas en vinagre: a Bóla de Sebo, coma a tódalas mulleres, encantábanlle estas hortalizas crúas.

Como non podían come-las provisións da moza sen lle falar, puxéronse a parrafear, ó primeiro con reserva, logo, como ela era moi educada, máis confiadamente. As señoras de Bréville e Carré-Lamadon, que tiñan máis desenvoltura, souberon ser graciosas con delicadeza. A condesa, sobre todo, amosou esa condescendencia afable das damas moi nobres que ningún contacto pode manchar, e estivo encantadora. Pero a robusta señora Loiseau, que tiña mentalidade de xendarme, permaneceu tesa, falando pouco e comendo moito.

Conversaron sobre a guerra, naturalmente. Contaron horribles feitos dos prusianos, e trazos de bravura dos franceses; e toda aquela xente que fuxía rendeu homenaxe ó valor dos outros. De seguida encomezaron as historias persoais, e Bóla de Sebo contou, con verdadeira emoción, con ese entusiasmo de palabra que poñen, ás veces, as rapazas para expresa-los seus transportes naturais, como abandonara Rouen;

–Ó primeiro crin que podía seguir alí, dicía. Tiña a casa chea de comida, e prefería ter que darlles de comer a algúns soldados ca expatriarme sabe Deus a onde. Pero cando os vin, a eses prusianos, ¡foi máis forte ca min! Ferveume o sangue de rabia; e chorei de vergonza todo o día. ¡Ai, se eu fora home! ¡Vaia! Mirábaos dende a ventá, eses porcalláns cos seus cascos de punta, e a miña criada agarrábame as mans para que non lles tirara o mobiliario ó lombo. Logo viñeron para quedar na miña casa; entón salteille á gorxa ó primeiro. ¡Non lles son máis malos de esganar cá outros! E rematábao, a aquel, se non me tirasen dos pelos. Despois daquelo tiven que agocharme. E, en canto atopei unha ocasión, marchei. E aquí estou.

Déronlle mil parabéns. Medraba na estima dos seus compañeiros que non foran tan valentes; e Cornudet, escoitándoa, amosaba un sorriso aprobador e benévolo de apóstolo; coma os cregos cando oen a un devoto loar a Deus, pois os demócratas de longas barbas teñen o monopolio do patriotismo coma os homes de sotana o da relixión. Falou, el tamén, cun ton doutrinal, coa énfase aprendida nas proclamas que se pegaban tódolos días nas paredes, e rematou cun parágrafo elocuente criticando con violencia e maxistralmente a "ese crápula de Badinguet."

Pero Bóla de Sebo enfadouse, pois ela era bonapartista. Púxose máis colorada ca unha cereixa e tateando de indignación:

–Gustaríame velos a vostedes no seu lugar, ¡si! a vostedes. ¡Érache boa! ¡Si, ho, si! ¡Vostedes son os que o traizoaron, a ese home! ¡Se estivesemos gobernados por falsarios coma vostedes non tiñamos máis ca marchar do país!

Cornudet, impasible, conservaba un desdeñoso sorriso de superioridade, pero notábase que alí ía haber unha violenta discusión cando o conde se interpuxo e calmou, non sen traballo, á moza exasperada, proclamando con autoridade que tódalas opinións sinceras eran respectables. Sen embargo, a condesa e a muller do manufactureiro, que levaban na alma o odio irracional das xentes como é debido á República, e esa tenrura instintiva que senten as mulleres polos gobernos arrogantes e despóticos, sentíanse, sen querer, atraídas por aquela prostituta chea de dignidade, cuns sentimentos que se parecían tanto ós propios.

O cesto estaba baleiro. Entre os dez esgotáranos sen dificultade, lamentando que non fose máis grande. A conversa proseguiu por algún tempo, un pouco máis fría dende que remataran de comer.

Caía a noite, pouco a pouco a escuridade fíxose profunda, e o frío, máis sensible durante a dixestión, facía estremecer a Bóla de Sebo, a pesar da súa graxa. Entón a señora de Bréville ofreceulle o seu quentador ó que lle renovara varias veces o carbón dende a mañá, e a outra aceptou inmediatamente pois tiña os pés xeados. As señoras Carré-Lamadon e Loiseau cedéronlles os seus ás relixiosas.

O cocheiro acendera as lanternas. Iluminaban, cun vivo resplandor, unha nube de vapor sobre as ancas en

suor dos temoneiros e a neve das dúas bandas da estrada que parecía irse desenrolando ó reflexo móbil das luces.

Xa non se distinguía nada no coche; pero de súpeto houbo un movemento entre Bóla de Sebo e Cornudet; e a Loiseau, cuns ollos que perforaban a escuridade, pareceulle ver ó home da cumprida barba afastarse rapidamente coma se tivera recibido un bo golpe asestado sen ruído.

Un puntíños de luz apareceron aló adiante na ruta. Era Tôtes. Andaran once horas, o que, coas dúas horas de descanso que lle deran ós cabalos, repartidas en catro veces, para comer avea e recobra-lo alento, sumaban catorce. Entraron no poboado e detivéronse diante do Hotel do Comercio.

Abriuse a portíña. Un ruído ben coñecido fixo estremecer ós viaxeiros: eran os golpes dunha funda de sabre tropezando contra o chan. De contado unha voz de alemán berrou algo.

Inda que a dilixencia estivera inmóbil, ninguén baixaba, coma se temeran ser asasinados á saída. Entón apareceu o conductor levando na man unha das lanternas que iluminou de súpeto ata o fondo do coche as dúas ringleiras de caras arrepiadas coa boca e os ollos abertos de sorpresa e de espanto.

A carón do cocheiro estaba, a plena luz, un oficial alemán, un mozo alto, delgado

en exceso e louro, cun uniforme cinxido coma o corpiño dunha moza, que levaba a lustrosa gorra de prato ladeada, o que lle daba a aparencia dun mozo de hotel inglés. O seu bigote desmesurado, de longos pelos tesos, que se estreitaban indefinidamente a cada lado, e remataban nun só fio louro, tan delgado que non se lle vía a fin, parecía pesarlle ós dous lados da boca e tirar pola meixela para abaixo, imprimindo unha marca descendente nas comisuras dos beizos.

Nun francés de alsaciano invitou ós viaxeiros a saír, dicindo cun ton seco:

–¿Queren fostetes face-lo fafor de baixar, tonas e cafaleiros?

As dúas monxas foron as primeiras en obedecer con docilidade de santas mulleres habituadas a tódalas submisións. A continuación apareceron o conde e a condesa, seguidos polo manufactureiro e a súa muller e logo foi Loiseau, que botou por diante á súa grande metade. Este, o poñe-lo pé na terra, díxolle ó oficial, por un sentimento de prudencia máis ca de cortesía:

–Boas noites, señor.

O outro, insolente coma a xente todopoderosa, mirouno sen responder.

Bóla de Sebo e Cornudet, aínda que estaban preto da portíña, foron os últimos en saír, graves e altivos diante do inimigo. A grosa rapaza tentaba dominarse e permanecer tranquila: o demócrata sobaba traxicamente na longa barba vermella coa man tremente. Querían conserva-la dignidade, comprendendo que, neste tipo de encontros cada un representa un pouco ó seu país; e igualmente irados pola lixeireza dos seus compañeiros, ela, tentaba mostrarse máis orgullosa cas súas veciñas as mulleres honestas, mentres que el, sentindo que debía dar exemplo, continuaba con toda a súa actitude a misión de resistencia comezada nos traballos de escavación das rutas.

Entraron na vasta cociña da pousada, e o alemán, despois de facerlles presenta-la autorización de saída, asinada polo xeneral en xefe, na que constaban os nomes, os datos persoais e a profesión de cada viaxeiro, examinou longamente a toda aquela xente, comparando as persoas coas informacións escritas.

Despois dixo bruscamente:

–Está pen.

E desapareceu.

Entón respiraron. Inda tiñan fame; pediron a cea. Necesitábase media hora para preparala; e, mentres que dúas criadas semellaban ocuparse diso, foron visita-los cuartos. Estaban todos nun longo corredor que

terminaba nunha porta acristalada marcada cun expresivo número.

Cando, por fin, se ían sentar á mesa apareceu o mesmo dono da posada. Era un antigo tratante de cabalos, un gordo asmático, sempre con asubíos, carraspeira e flegmas na larinxe. Seu pai transmitíralle o apelido de Follenvie.

Preguntou:

–¿A señorita Elisabeth Rousset?

Bóla de Debo sobresaltouse, deu a volta:

–Son eu.

–Señorita, o oficial prusiano quere falar con vostede inmediatamente.

–¿Comigo?

–Si, se vostede é efectivamente a señorita Elisabeth Rousset.

Alterada, cavilou un segundo, logo dixo sen dubidar:

–É posible, pero non vou ir.

Ó redor dela todos se axitaron; todos falaban, buscaban o motivo desta orde. O conde aproximouse:

–Fai vostede mal, señora, porque a súa negativa pode carrear considerables dificultades, non só para vostede, senón incluso para tódolos seus compañeiros. Non convén resistirse nunca ós máis fortes. Seguro que esa dilixencia non presenta ningún perigo; sen dúbida trátase de algunha formalidade esquecida.

Todos se uniron a el, rogáronlle, apremárona, aconsellárona e remataron por convencela; pois todos temían as complicacións que poderían resultar daquela obstinación. Por fin ela dixo:

–Fágoo por vostedes, ¡que conste!

A condesa colleulle a man:

–E nós agradecemosllo.

Saíu. Agardaron por ela para sentarse á mesa. Todos se laiaban de non ter sido chamados no lugar daquela moza violenta e irascible, e preparaban mentalmente algunha simpleza para o caso en que os chamasen a eles tamén.

Mais ó cabo de dez minutos volveu a aparecer, bufando, colorada de sufoco, exasperada. Balbucía:

–¡Ai, que canalla!, ¡que canalla!

Todos se afanaban por sabe-lo que pasara, mais ela non dixo ren; como o conde insistira, respondeu con grande dignidade:

–Non, a vostedes non lles importa, non podo falar.

Entón sentáronse ó redor dunha grande sopeira da que saía o aroma do repolo. A pesares daquela alerta, a cea foi alegre. A sidra estaba boa, o matrimonio Loiseau e as monxas bebérana, por economía. Os demais pediran viño; Cornudet reclamara cervexa. Tiña unha maneira particular de destapa-la botella, de face-la espuma, e examinala ladeando o vaso e elevándoo entre a lámpada e os seus ollos para apreciar ben a cor. Cando bebía, a grande barba, que tiña o matiz da súa querida beberaxe, parecía estremecerse de tenrura; reviraba os ollos para non perder de vista o xerro, e semellaba desempeña-la única función para a que

nacera. Diríase que establecía no seu espírito

unha alianza e unha especie de afinidade entre as dúas grandes paixóns que ocupaban toda a súa vida: a Pale-Ale e a Revolución; e seguramente que non podía degustar unha sen pensar na outra.

O señores Follenvie ceaban no extremo da mesa. O home, arquexando coma unha locomotora cansada, tiña o peito demasiado abafado coma para poder falar mentres comía; pero a muller non calaba xamais. Contoulles as súas impresións á chegada dos prusianos, o que facían, o que dicían, abominando deles primeiro porque lle custaban cartos, e, despois, porque tiña dous fillos no exército. Dirixíase sobre todo á condesa, orgullosa de falar cunha dama de calidade.

Despois baixaba a voz para dici-las cousas máis delicadas, e o seu home, de cando en cando, interrompíaa:

—Era mellor que calaras, señora Follenvie.

Pero ela, sen lle facer ningún caso, continuaba:

—Si, señora, esa xente non fai máis ca comer patacas e porco, e porco e patacas. E non crea que son limpos. ¡Ah, non! Cagan por todas partes, con perdón da mesa. E se vostede os vira face-la instrucción durante horas e días; póñense aló todos, nun campo:—e marcha para adiante, e marcha para atrás, e volta por aquí e volta por acolá. ¡Se polo menos cultivasen a terra, ou traballasen nas estradas no seu país! Pero non, señora, ¡estes militares non lle aproveitan a ninguén! ¡E por riba a pobre da xente ten que os alimentar para que non aprendan máis cá matar! Eu non son máis ca unha vella sen educación, é certo, pero cando os vexo matarse a patexar dende a mañá ata a noite, penso: Tanta xente que fai unha chea de descubrimentos para ser útiles, ¡e outros pasan tantos traballos para face-lo mal! De verdade, ¿non é cousa abominable iso de matar á xente, sexan prusianos, ingleses, polacos ou franceses? Se nos vingamos de alguén que nos fai dano, está mal, xa que nos condenan; pero cando exterminan ós nosos mozos coma se foran coellos, cos fusís, ¿logo está ben? xa que lles dan máis medallas canto máis destrúen. Non, mire, ¡eu nunca llo entenderei."

Cornudet elevou a voz:

—A guerra é unha barbarie cando se ataca a un veciño pacífico; un deber sagrado cando se defende a patria.

A anciá baixou a cabeza:

—Si, cando se defende un, é outra cousa; pero ¿non sería mellor matar a tódolos reis que fan iso por diversión?

A mirada de Cornudet iluminouse:

—Bravo cidadá , dixo.

O señor Carré-Lamadon reflexionaba profundamente. Inda que el fora un fanático dos ilustres capitáns, o senso común desta campesiña facíalle pensar na opulencia que traerían a un país tantos brazos desocupados e, por conseguinte ruinosos, e tantas forzas, que se manteñen improductivas, se se empregasen nos grandes traballos industriais que necesitarán séculos para rematarse.

Pero Loiseau levantouse e foi falar en voz baixa co pousadeiro. O gordo ría, tusía, cuspiá; o ventre enorme dáballle saltiños de ledicia cos chistes do outro, e comproulle seis barricas de burdeos para a primavera, para cando se fosen os prusianos.

A penas acabada a cea, como estaban mortos de canseira, deitáronse.

Nembargantes Loiseau, que observara algunhas cousas, mandou ó leito á súa muller, despois apegou xa a orella, xa o ollo ó burato da pechadura, para ver de descubri-lo que el chamaba: "os misterios do corredor".

Ó cabo dunha hora, máis ou menos, oíu un lixeiro ruído, mirou axiña, e viu a Bóla de Sebo que semellaba aínda máis repleta coa súa bata de caxemira azul, bordada de encaixe branco. Levaba un candeeiro na

man, e dirixíase ó grande número do fondo do corredor. Entón entreabriuse a porta do lado, e, cando ela volveu, ó cabo dalgúns minutos, Cornudet, en tirantes, seguíaa. Falaban baixo, logo detivéronse. Bóla de Sebo parecía prohibirlle enerxicamente que entrara na súa habitación. Por desgracia Loiseau non oía as súas palabras, pero, ó final, como elevaron a voz, puido pescar algunhas. Cornudet insistía con viveza. Decía:

–Vamos, non sexa parva, ¿a vostede que máis lle ten?

Ela, indignada, respondeu:

–Non, querido, hai momentos nos que esas cousas non se fan; ademais, aquí sería unha vergonza.

El non o entendía, sen dúbida, e preguntoulle por que. Entón ela enfadouse, elevando aínda máis o ton:

–¿Por que? ¿Vostede non comprende por que? Habendo prusianos na casa, ¿no cuarto do lado, quizá?

Calou el. Aquel pudor patriótico de prostituta que non se deixaba acariñar preto do inimigo debeulle espertar no corazón a dignidade desfalecente, pois, despois de bicala soamente, volveu para a súa porta nas puntas dos pés.

Loiseau, moi excitado, apartouse da pechadura, botou un pinchacarneiro no cuarto, puxo o gorro de durmir, levantou a saba baixo a que xacía a dura carcasa da súa consorte e acordouna cun bico murmurando:

–¿Quéresme rula?

Entón toda a casa quedou en silencio. Pero axiña se elevou en algures, nunha dirección indeterminada que tanto podía se-lo soto coma o faiado, un ronquido potente, monótono, regular, un ruído xordo e prolongado, con tremores de caldeira a presión. O señor Follenvie durmía.

Como decidiran saír cedo, ás oito horas do día seguinte todo o mundo se atopaba na cociña; pero o coche, cun teito de neve sobre o toldo, erguíase solitario no medio do patio, sen cabalos e sen conductor. Buscárono en van na corte dos cabalos, na palleira, nos alpendres. Entón os homes decidiron rexistra-lo pobo e saíron. Atopáronse nunha praza, coa igrexa ó fondo e, ós lados, casas baixas onde había soldados prusianos. O primeiro que viron estaba pelando patacas. O segundo, algo máis lonxe, fregaba o establecemento dun barbeiro. Outro, barbudo ata os ollos, tiña no colo a un cativo que choraba e bicábao e arrolábao tratando de calmalo; e as grosas campesiñas que tiñan os homes no "exército da guerra", indicábanlles con acenos ós seus vencedores obedientes os labores que había que facer: partir leña, quenta-la sopa, moer café; un deles incluso lavaba a roupa da súa anfitrióna, unha vella tolleita.

O conde, estrañado, interrogou ó sancristán, que saía da casa rectoral. O vello rato de igrexa respondeulle:

–¡Oh! eses non son malos; non son prusianos, polo visto. Son de máis lonxe; non lle sei ben de onde; e todos deixaron muller e fillos na súa terra; a guerra non lles fai ningunha gracia, vaia. Estou certo que aló tamén choran polos homes; e han padecer unha gran miseria, aló coma aquí. Aquí polo momento aínda non temos moito de que queixarnos porque eles non fan mal e traballan coma se estiveran nas súas casas. Mire, señor, entre pobres cómpre axudarse...Son os grandes os que fan a guerra.

Cornudet, indignado polo entendemento cordial establecido entre os vencedores e os vencidos, retirouse e preferiu pechase na pousada. Loiseau fixo un chiste:"Repoboan." O señor Carré-Lamadon unha palabra grave:"Reparan." Pero seguían sen atopar ó cocheiro. Por fin descubrírono no café do pobo, sentado fraternalmente á mesa co ordenanza do oficial. O conde interpelouno:

–¿Non lle deramos a orde de enganchar ás oito?

–Ah ben si, pero déronme outra despois.

–¿E cal?

–Que non enganchara.

–¿E quen lle deu esa orde?

–Pois, o comandante prusiano.

–¿Por que?

–Non lle sei nada. Váiallo preguntar. A min mándanme que non enganche e eu non engancho. Velaí.

–¿Díxollo el mesmo?

–Non, señor, foi o pousadeiro o que me deu a orde de parte del.

–¿E cando foi iso?

–Onte á noite, cando me ía deitar.

Os tres homes volveron moi desacougados.

Preguntaron polo señor Follenvie, pero a criada respondeu que o señor, por culpa da asma non se erguía nunca antes das dez. Mesmo tiña prohibido terminantemente que o acordasen máis cedo, salvo en caso de incendio.

Quixeron ver ó oficial, pero foi absolutamente imposible, aínda que paraba na pousada. O señor Follenvie era o único autorizado a falar con el para os asuntos civís. Así que agardaron. As mulleres volveron subir ós cuartos e entretivéronse en miudezas.

Cornudet instalouse baixo a alta cheminea, onde ardía un gran lume. Mandou traer unha das mesiñas do café, unha cervexa e sacou a pipa, que gozaba entre os demócratas dunha consideración case igual á súa, coma se servira á patria servindo a Cornudet. Era unha fermosa pipa de espuma de mar perfectamente curada, negra coma os dentes do seu amo, perfumada, redonda, relucente, que se adaptaba á súa man e completaba a súa fisionomía. Permaneceu inmóbil, mirando ora ás lapas, ora á espuma que coroaba o xerro; e, a cada grolo que botaba, pasaba con satisfacción os seus dedos finos polos longos cabelos graxos mentres aspiraba a espuma que lle festonaba o bigote.

Loiseau, co pretexto de estalica-las pernas, foi vender viño ós taberneiros do pobo. O conde e o manufactureiro puxéronse a falar de política. Prognosticaban o futuro de Francia. Un cría nos Orléans, o outro nun salvador descoñecido, un heroe que aparecería cando xa case non houbera esperanzas: ¿un Du Guesclin?, ¿unha Xoana de Arco quizais? ¿ou outro Napoleón I? ¡Aí! ¡se o príncipe imperial non fora tan novo! Cornudet escoitábaos sorrindo coma quen ten a clave do destino. O aroma da pipa recendía na cociña.

Segundo daban as dez apareceu o señor Follenvie. De seguida o interrogaron; pero el non fixo máis ca repetir varias veces as mesmas palabras:

–O oficial díxome esto: "señor Follenvie, prohiba que se enganche mañá o coche deses viaxeiros, non quero que saian ata que eu o ordene. ¿Entendido? Eso é todo."

Entón quixeron ver ó oficial. O conde envioulle a súa tarxeta na que o señor Carré-Lamadon engadiu o seu nome e tódolos seus títulos. O prusiano mandou responder que recibiría a estes homes despois de comer, é dicir contra a unha.

Volveron as damas e comeron un bocado, a pesares da inquietude. Bóla de Sebo semellaba enferma e tremendamente desacougada.

Estaban rematando o café cando veu o ordenanza buscar a aqueles señores.

Loiseau uniuse a eles; tentaron atraer a Cornudet para dar máis solemnidade á xestión, pero este declarou orgullosamente que el non pensaba ter xamais ningunha relación con alemáns; e volveu a carón da

cheminea pedindo outra cervexa.

Os tres homes subiron e foron introducidos no mellor cuarto da posada onde os recibiu o oficial que, recostado nun sofá cos pés na cheminea, fumaba nunha longa pipa de porcelana e envolvíase nun rechamante batín vermello, sacado probablemente da casa abandonada dalgún burgués de mal gusto. Non se levantou, non os saudou, non mirou para eles. Constituía un magnífico exemplo da vulgaridade natural do militar victorioso.

Ó cabo dun instante por fin dixo:

–¿Que queren fostetes?

O conde tomou a palabra:

–Queremos irnos, señor.

–Non.

–¿Podería preguntarlle o porqué desta negativa?

–Porque non me ta a gana.

–Fareille observar respectuosamente, señor, que temos unha autorización de partida do seu xeneral en xefe para ir ata Dieppe; e non creo que fixeramos nada para merece-lo seu rigor.

–Non me ta a gana... velaí...Poten saír.

Saíron os tres despois de facer unha inclinación.

A tarde foi lamentable. Non entendían nada daquel capricho do alemán e as máis estrañas ideas lles pasaban pola cabeza. Permaneceron todos na cociña parolando sen fin, imaxinando cousas inverosímiles. Se cadra queríanos manter como reféns –¿pero con que obxecto?, ¿ou levalos prisioneiros?, ¿ou, quizás pedirles un considerable rescate? Ante esta idea tolearon de pánico. Os máis ricos foron os máis aterrorizados, xa se vían obrigados a poñer sacos cheos de ouro nas mans daquel soldado insolente, para compra-la súa liberdade. Buscaban na imaxinación tentando atopar algunhas mentiras aceptables, disimulando as súas riquezas, facerse pasar por pobres, moi pobres. Loiseau quitou a cadea do reloxo e agochouna no peto. Caía a noite e aumentaba o receo. Prenderon a lámpada, e, como aínda faltaban dúas horas para a cea, a señora Loiseau propuxo botar unha partida de trinta e un. Serviríalles de distracción. Aceptaron. Ata Cornudet participou, despois de apaga-la pipa, por cortesía.

O conde barallou as cartas, deu. Bóla de Sebo, de entrada, tiña trinta e un; de seguida o interese polas cartas calmou o temor que os martirizaba. Cornudet observou que os Loiseau se entendían para facer trampas.

Cando se ían sentar á mesa, apareceu de novo o señor Follenvie e dixo coa súa voz rouca:

–O oficial prusiano manda preguntar á señorita Elizabeth Rousset se aínda non mudou de opinión.

Bóla de Sebo quedou de pé, moi pálida; despois, de súpeto, púxose vermella, tan sufocada de cólera que non puido nin falar. Por fin rebentou:

–Dígalle a ese crápula, a ese porco, a esa prea de prusiano, que nunca aceptarei; ¿entende? nunca, nunca, nunca.

O gordo pousadeiro saíu. Entón Bóla de Sebo foi rodeada, interrogada, solicitada por todos para que desvelara o misterio. Ó primeiro negouse; pero a carraxe axiña puido máis ca ela.

–¿O que quere?..¿O que quere?..¿Quere deitarse comigo! berrou.

Ninguén se sorprendeu pola expresión, tan viva foi a indignación. Cornudet rompeu o xerro ó pousalo violentamente na mesa. Foi un clamor de reprobación xeral contra aquel militarote innobre, un vento de furia, todos unidos para resistir, coma se lle tiveran pedido a cada un unha parte do sacrificio que se lle esixía a ela. O conde declarou, con repugnancia, que aquela xente se comportaba ó modo dos antigos bárbaros. As mulleres, sobre todo, testemuñáronlle a Bóla de Sebo unha conmiseración enérxica e agarimosa. As monxas, que só aparecían ás horas de comer, baixaron a cabeza e non dicían nada.

Con todo, cando o primeiro furor se foi calmando, cearon; pero falaron pouco, quedarán pensativos.

As señoras retiráronse cedo; e os homes, fumando, organizaron unha partida de descartado e convidaron a Follenvie pois pensaban interrogalo habilmente sobre que medios empregar para vence-lo empeño do oficial. Pero el non pensaba máis ca no xogo, nin escoitaba nin respondía nada; só repetía:

—Ó xogo, cabaleiros, ó xogo.

Estaba tan atento que ata se esquecía de cuspir, o que lle producía coma unha especie de notas de órgano no peito. Os pulmóns asubiaban dando toda a gama da asma, dende as notas graves e profundas ata os pitos agudos, coma os dos galos novos cando andan aprendendo a cantar.

Mesmo se negou a subir cando a súa muller, que xa non se tiña de sono, o veu buscar. Así que marchou soa, pois ela era "da mañá", erguíase sempre co sol, mentres que o seu home era "do serán", sempre disposto a pasa-la noite cos amigos. El berroulle:

—Déixame o ponche a carón do lume.

E seguiu coa partida. Cando viron que non podían sacar nada del dixeron que xa era tempo de retirarse e fóronse todos para a cama.

Ó día seguinte aínda se ergueron bastante cedo cunha certa esperanza, un desexo maior de marchar, un terror a ter que pasar un día máis naquela horrible pousadiña.

Pero ¡Ai! os cabalos seguían na corte, o cocheiro permanecía invisible. Por fastío foron dar unha volta arredor do coche.

O xantar foi ben triste; había unha especie de frialdade con respecto a Bóla de Sebo, pois a noite, que é boa conselleira, modificara un pouco as súas apreciacións. Agora case estaban resentidos coa moza por non ter ido, de noite, en secreto, encontrarse co prusiano e darlles, así, ó espertaren, unha boa sorpresa. ¿Que habería máis sinxelo? ¿Quen o ía saber, ademais? Podería salva-las aparencias dicíndolle ó oficial que se compadecía da angustia dos seus compañeiros. ¡para ela iso tiña tan pouca importancia!

Mais aínda ninguén confesaba estes pensamentos.

Pola tarde, como morrían de aburrimiento, o conde suxeriu dar un paseo polas proximidades do pobo. Abrigáronse coidadosamente e o pequeno grupo partiu, coa excepción de Cornudet, que preferiu quedar onda o lume, e das monxas, que pasaban os días na igrexa ou na casa do cura.

O frío, cada vez máis intenso, magoáballes cruelmente o nariz e as orellas; os pés doíanlles tanto que cada paso era un suplicio; e cando descubriron a campiña pareceulles tan horriblemente lúgubre baixo aquela brancura ilimitada, que todo o mundo deu a volta ó momento, coa alma atarecida e o corazón encollido.

As catro mulleres ían diante, os tres homes seguíanas a pouca distancia.

Loiseau, que comprendía a situación, preguntou de súpeto se aquela "pendello" lles faría quedar aínda moito tempo en semellante lugar. O conde, sempre cortés, dixo que non se lle podía esixir a ningunha muller un sacrificio tan penoso, que iso debía saír dela mesma. O señor Carré-Lamadon observou que se os franceses facían, como deberían, un contraataque ofensivo por Dieppe, o enfrontamento só podía ter lugar alí, en Tôtes. Esta reflexión inquietou ós outros.

—¿E se fuximos a pé?, dixo Loiseau.

O conde encolleu os ombros:

–¿Que di vostede? ¿Con esta neve? ¿E coas mulleres? Ademais perseguiríannos e en menos de dez minutos cóllennos e imos prisioneiros á mercé dos soldados.

Era verdade; calaron.

As señoras falaban de modas; pero parecían desunidas por un certo desacougo.

De pronto, no fondo da rúa, apareceu o oficial. A súa alta silueta de avespa en uniforme perfilábase sobre a neve que pechaba o horizonte, e andaba cos xeonllos separados, con ese movemento característico dos militares que tratan de non mancha-las botas coidadosamente lustradas.

Inclinouse ó pasar xunto ás damas, e mirou con desdén ós homes que, por certo, tiveron a dignidade de non se descubrir, aínda que Loiseau esbozou o aceno de levanta-lo sombreiro.

Bóla de Sebo puxérase colorada ata as orellas; e as tres mulleres casadas sentíronse moi humilladas de que o soldado aquel as atopara en compañía da moza que el tratara de xeito tan insolente.

Entón falaron del, do seu porte, da súa cara. A señora Carré-Lamadon, que coñecera moitos oficiais e que os xulgaba como experta, dicía que aquel non estaba mal do todo; lamentaba incluso que non fora francés porque daría un guapo húsar polo que seguramente que tódalas mulleres habían tolear.

Xa de regreso non sabían qué facer. Incluso intercambiaron palabras acedas por cousas insignificantes. A cea, silenciosa, durou pouco. E fóronse deitar todos, coa esperanza de durmir para mata-lo tempo.

Baixaron ó día seguinte con caras de cansazo e os corazóns desesperados. As mulleres a penas falaban con Bóla de Sebo.

Soaron as campás para un bautizo. A gorda moza tiña un fillo que lle criaban uns campesiños de Yvetot. Non o vía nin unha vez ó ano, e xamais se lembraba del; pero o pensamento daquel que ían bautizar púxolle no corazón unha tenrura repentina e violenta polo seu, e empeñouse en asistir á cerimonia.

Tan pronto como saíu, miráronse todos, despois achegaron as cadeiras, sentían que había que decidir algo dunha vez. Loiseau tivo unha inspiración: era partidario de lle propoñer ó oficial que se quedase con Bóla de Sebo e deixara marchar a tódolos demais.

O señor Follenvie encargouse de leva-lo recado, pero baixou case de seguido. O alemán, que coñecía a natureza humana, botárao fóra. Pretendía retelos a todos mentres que o seu desexo non fose satisfeito.

Entón o temperamento populacheiro da señora Loiseau estoupou:

–Non iremos morrer de vellos aquí. Xa que o oficio desa senvergonza é facer iso con tódolos homes coído que non ten dereito á aceptar a uns e a outros non. ¡A ver senón!, en Rouen apañou todo canto había, ¡mesmo cocheiros! Si, señora, ¡o cocheiro da prefectura! Eu sei ben, porque compra o viño na nosa casa. E agora que nos ten que sacar deste atranco, faise a delicada, ¡a mocosa esa!.. A min paréceme que se comporta moi ben este oficial. Se cadra leva moito tempo privado diso; e seguramente que nos prefería a calquera de nó-las tres. Pero non, confórmase coa que é de todos. Respecta ás mulleres casadas. Fíxense, el é o amo. Non tiña máis ca dicir: "Quero" e podíanos coller á forza cos soldados que ten.

As dúas mulleres sentiron un arreguizo estraño. Á linda señora Carré-Lamadon brillábanlle os ollos e estaba un pouco pálida, como se xa se sentira forzada polo oficial.

Os homes, que conversaban aparte, achegáronse a elas. Loiseau, furibundo, quería entregar a "esa miserable" atada de pés e mans ó inimigo. Pero o conde, descendente de tres xeracións de embaixadores, e dotado dun físico de diplomático, era partidario da habilidade:

–Haberá que convencela, dixo.

Entón puxéronse a conspirar.

As mulleres achegáronse máis, baixaron a voz, e a discusión fíxose xeral, cada un daba a súa opinión. Todo moi decente, por outra banda. Aquelas damas buscaban delicados xiros, expresións sutís e encantadoras, para dici-las cousas máis escabrosas. Un estraño non entendería nada, tanta era a precaución da linguaxe alí observada. Pero como a lixeira capa de pudor que recubre ás mulleres de mundo é tan superficial, estaban xubilosas con esta aventura galante, no fondo divertíanse loucamente, sentíanse no seu elemento, arranxando aquel amor coa sensualidade dun cocifeiro larpeiro que preparase a comida de outro.

Atopaban a historia tan graciosa, despois de todo, que cada vez estaban máis ledos. O conde fixo algúns chistes bastante atrevidos, pero tan finamente que todos sorriron. Pola súa parte Loiseau soltou algunha picardía máis forte pero ninguén se ofendeu; e a idea brutalmente expresada pola súa muller estaba na mente de todos:

—Xa que ese é o oficio da rapaza ¿por que non aceptar a este igual ca ós outros?

A xentil señora Carré-Lamadon parecía incluso pensar que, no seu lugar, ela aceptaría a este antes cá outros.

Prepararon longamente o bloqueo, como para asediar unha fortaleza. Puxéronse de acordo no papel que ía xogar cada un, nos argumentos en que basearse, nas manobras a executar. Dispuxeron o plan de ataque, as astucias a empregar e as sorpresas do asalto, para forzar aquela cidadela viva á recibir ó inimigo na súa praza.

Cornudet, sen embargo, quedou á parte, completamente alleo a aquel asunto.

Unha atención tan profunda concentraba os espíritos que non oíron entrar a Bóla de Sebo. O conde bisbou un lixeiro: "Chist" e tódolos ollos se alzaron. Alí estaba ela. Calaron repentinamente e un certo embarazo impediulles falarlle de entrada. A condesa, máis afeitada cós demais ás duplicidades dos salóns, preguntoulle:

—¿Foi divertido ese bautizo?

A grosa moza, aínda emocionada, contou todo, as caras, as actitudes, o aspecto da igrexa. Engadiu:

—Canto ben fai rezar ás veces.

Sen embargo, ata a hora de comer, aquelas damas conformáronse con ser amables con ela, para aumentala súa confianza e a docilidade ós seus consellos.

Tan pronto como se sentaron á mesa, comezaron as manobras de aproximación.

Primeiro foi unha conversa vaga sobre a abnegación. Citaron exemplos antigos: Xudit e Holofernes, logo, sen razón ningunha, Lucrecia e Sexto, Cleopatra facendo pasar pola súa cama a tódolos xenerais inimigos e someténdolos a un servilismo de escravos. Logo contaron unha historia fantasiosa, xurdida da imaxinación daqueles millonarios ignorantes, segundo a cal as cidadás de Roma ían a Capua para adormiñar a Aníbal nos seus brazos, e, con el, os seus lugartenentes e as falanxes de mercenarios. Citaron a tódalas mulleres que detiveran ós conquistadores, facendo dos seus corpos un campo de batalla, un medio de dominación, unha arma, que venceran coas súas caricias heroicas a seres innobres e odiosos, e sacrificaran a súa castidade á vinganza e á abnegación.

Falaron, mesmo, en termos veados, daquela inglesa de alto berce que se deixara inocular unha horrible enfermidade contaxiosa para transmitirla a Bonaparte milagrosamente salvado, por unha debilidade repentina, á hora da cita fatal.

Todo isto era contado de xeito conveniente e razoable no que, por veces, estoupaba un entusiasmo premeditado para provoca-la emulación.

Ó final poderíase pensar que o único papel da muller, aquí abaixo, era un perpetuo sacrificio da súa persoa,

un abandono continuo ós caprichos da soldadesca.

As dúas monxas non parecían oír nada, envisas en profundos pensamentos. Bóla de Sebo non dicía nada.

Durante toda a tarde deixárona reflexionar. Pero en lugar de chamarlle "señora" como fixeran ata entón, dicíanlle simplemente "señorita", sen que ninguén soubera moi ben por que, como se lle quixeran facer baixar un chanzo na estima que acadara e senti-la súa situación vergonzosa.

No momento de servi-la potaxe, de novo apareceu o Señor Follenvie, repetindo a frase da véspera:

—O oficial prusiano manda preguntar á señorita Elisabeth Rousset se aínda non mudou de parecer.

Bóla de Sebo respondeu secamente:

—Non, señor.

Durante a cea a coalición debilitouse. Loiseau dixo tres frases desafortunadas. Cadaquén loitaba por achar exemplos novos, sen atopar nada, cando a condesa, sen premeditación quizás, co vago desexo de render homenaxe á Relixión, inquiriu á máis vella das monxas sobre os grandes feitos da vida dos santos. Ora ben, moitos cometeran actos que serían crimes para nós; pero a igrexa absolve sen esforzo estas faltas cando son perpetradas pola gloria de Deus, ou polo ben do próximo. Era un argumento poderoso; a condesa aproveitouno. Entón xa fose por unha desas alianzas tácitas, por unha compracencia veada nas que brilla calquera que leve un hábito eclesiástico, fose, simplemente, por efecto dunha carencia de intelixencia afortunada ou dunha caritativa imbecilidade, a vella relixiosa aportou á conspiración un apoio extraordinario. Consideráranla tímida, agora amosábase audaz, inspirada, violenta. A muller non se paraba nos titubeos da casuística, a súa doutrina parecía unha barra de ferro; a súa fe non dubidaba xamais; a súa conciencia non tiña escrúpulos. Encontraba natural o sacrificio de Abrahan, pois ela mataría ó instante pai e mai baixo unha orden chegada de arriba; e nada, segundo opinaba, podía desagradar ó Señor sempre que a intención fose loable. A condesa, aproveitando a autoridade sagrada da inesperada cómplice logrou que fixera unha paráfrase edificante deste axioma moral: "A fin xustifica os medios."

Preguntáballe:

—Entón, irmá, ¿pensa vostede que Deus acepta tódolos camiños e perdoa o feito cando o motivo é puro?

—¿Quen o podería dubidar, señora? Un acto reprobable en si moitas veces convértese en meritorio pola idea que o inspira.

E así continuaban, desentrañando a vontade de Deus, prevendo as súas decisións, facéndoo preocuparse por cousas que, en verdade, non lle interesaban nada..

E todo esto con disimulo, habilidade e discreción. Pero cada palabra da santa muller coa touca ía abrindo unha fenda na resistencia indignada da cortesá. Despois a conversa foise desviando, a muller dos rosarios pendentos falou das casas da súa orde, da superiora, dela mesma e da súa encantadora compañeira, a querida irmá San Nicéforo. Chamáranas dos hospitais do Havre para atender a centos de soldados atacados de variola. Describiu á aqueles infelices, detallou as súas doenzas. E, mentres que elas estaban paradas na ruta polo capricho daquel prusiano, ¡unha infinidade de franceses, que se cadra elas salvarían, podían morrer! Era a súa especialidade, coidar militares; estivera en Crimea, en Italia, en Austria, e, contando as súas campañas, revelouse de súpeto coma unha desas relixiosas de trompeta e tambor, que semellan feitas para segui-los campamentos, recolle-los feridos no rebumbio da batalla, e, domear, mellor cós xefes, cunha palabra á soldadesca indisciplinada. Unha verdadeira sor Rampataplán, cunha cara estragada, perforada de buratos sen número, que parecía unha imaxe da devastación da guerra.

Ninguén dixo nada despois dela, tan excelente lles pareceu o efecto.

En canto acabaron de cear subiron axiña ás habitacións para non baixar ata o día seguinte pola mañá, bastante tarde.

O xantar foi tranquilo. Déronlle tempo á semente botada a véspera para xermolar e da-lo seu froito.

Pola tarde a condesa propuxo dar un paseo; entón o conde, como estaba concertado, colleu a Bóla de Sebo polo brazo e foi quedando con ela atrás dos outros.

Faloulle con ese ton familiar, paternal, un pouco displicente, que empregan os homes ponderados coas rapazas novas chamándolle: "querida nena", tratándoa dende a altura da súa posición social, dende a súa indiscutible honorabilidade. Inmediatamente foi ó miolo da cuestión:

—¿E logo prefire deixarnos aquí, expostos, coma vostede mesma, a tódalas violencias que poderían suceder a un fracaso das tropas prusianas, antes ca outorgar un deses favores que tantas veces ten concedido na súa vida?

Bóla de Sebo non respondeu nada.

El foína convencendo coa dozura, coa razón, có sentimento. Soubo amosarse galante cando fixo falla, adulator, amable, en fin, sen deixar de ser "o señor conde". Enxalzou o favor que ela lles faría, falou do seu agradecemento; despois, de súpeto, atuouna alegremente:

—¿Sabes, querida?, habíase poder gabar de ter probado unha moza tan feitiña coma non haberá moitas no seu país.

Bola de Sebo non respondeu e foise unir ó grupo.

Tan pronto como volveu foi ó cuarto e non volveu baixar. O desacougo era extremo. ¿que iría facer? Se se resistía, ¡que incomodo!

Soou a hora da cea; agardárona en van. O señor Follenvie entrou anunciando que a señorita Rousset se sentía indisposta e que podían poñerse á mesa. Todo o mundo escoitou con atención. O conde achegouse ó hostaleiro,e, moi baixo:

—¿Xa?

—Si.

Por decoro non dixo nada ós compañeiros, só lles fixo un pequeno aceno coa testa. De seguido un gran suspiro de alivio saíu de tódolos peitos, unha ledicia apareceu nas caras. Loiseau berrou:

—¡Caraina! invito a champaña, se é que o hai neste establecemento.

—E a señora Loiseau quedou abraiada cando o patrón volveu con catro botellas na man. Todos se volveran, de repente, comunicativos e buliciosos; unha pícara ledicia lles inundaba o corazón. O conde pareceu decatarse de que a señora Carré-Lamadon era encantadora, o manufactureiro cumprimentou á condesa. A conversa foi viva, festiva, chea de ocorrencias.

De pronto Loiseau, con cara ansiosa levantando un brazo, bradou:

—¡Silencio!

Calaron todos, sorprendidos, xa case abraiados. Entón aguzou a orella facendo:

"¡Chist! "cos dous furabolos, dirixiu a mirada ó teito, escoitou de novo, e, dixo, coa voz normal:

—Tranquilos, todo vai ben.

Non entendían ben, pero axiña sorriron.

Ó cabo dun cuarto de hora volveu coa mesma andrómene, e así varias veces ó longo da noite; e facía coma quen que interpelaba a alguén no andar de enriba, dándolle consellos con dobre sentido tirados da súa

mentalidade de viaxante de comercio. Por momentos adoptaba un aire triste suspirando:

–¡Pobre rapaza!

Ou ben murmuraba entre dentes, como rabiando:

–¡Prusiano esfameado!

Ás veces, cando menos o pensaban, repetía cunha voz vibrante:

–¡Xa abonda! ¡xa abonda!

E engadía para si:

–Con tal de que a volvamos a ver, de que non a mate, ¡o miserable!

Aínda que estas bromas fosen de un gusto deplorable, divertíanos e ninguén se molestaba, porque a indignación depende do ambiente, coma todo, e a atmosfera que se fora creando en torno a eles estaba cargada de pensamentos obscenos.

Na sobremesa, as mulleres mesmas fixeron alusións finas e discretas. Os ollos brillaban; beberan moito. O conde, que conservaba incluso nos desvaríos unha grande aparencia de gravidade, achou unha comparanza, que foi moi apreciada, sobre a fin da invernia no pólo e a ledicia dos náufragos que ven abrirse unha ruta cara o sur.

Loiseau, lanzado, levantouse coa copa de champaña na man:

–¡Pola nosa liberación!

Todos se ergueron; aclamárono. Ata as mesmas monxas, solicitadas por aquelas damas, consentiron en molla-los beizos no viño espumoso que nunca cataran. Dixeron que se parecía á gasosa, pero que era máis fino, non obstante.

Loiseau resumiu a situación.

–É mágoa que non haxa un piano porque poderíamos botar unha contradanza

Cornudet non pronunciara palabra, non fixera un aceno; parecía sumido en profundos pensamentos, e ás veces daba tiróns na barba, cun xesto furioso, coma se a quixera alongar aínda máis. En fin, contra a media noite, cando xa se ían separar, Loiseau, vacilante, petoulle de pronto no ventre e díxolle farfallando:

–Non o vexo moi festeiro esta noite; non di nada ¿eh cidadán?

Cornudet alzou a cabeza con brusquidade, e percorrendo a compañía cunha ollada terrible e reluciente:

–¡Dígolles a todos que acaban de cometer unha infamia!

Levantouse, foi á porta, repetiu aínda:

–¡Unha infamia!

e desapareceu.

De entrada quedaron fríos. Loiseau desconcertado quedou pampo; pero recuperou a serenidade e, de pronto escachou a rir repetindo:

–As uvas están verdes, amigo, están verdes.

Como ninguén entendía nada contoulles "os misterios do corredor". Entón a alegría renaceu con máis forza, se cabe. As señoras aquelas rexoubaban coma tolas. O conde e o señor Carré-Lamadon choraban coa risa. Non o podían crer.

—¿Como?, ¿está vostede seguro? Quería...

—Dígolles que eu mesmo o vin.

—E ela negouse...

—Porque o prusiano estaba no cuarto do lado.

—¡Non é posible!

—Xúrollo.

O conde afogaba. O industrial apertaba o ventre coas dúas mans. Loiseau continuaba:

—E, comprenderán que esta noite non lle fai gracia, pero ningunha gracia.

E seguían os tres, doentes, abafados, tusindo.

En esto separáronse. Pero a señora Loiseau, que era coma a sarna, fíxolle observar ó seu home, cando se ían deitar, que "esa bruxa" de "señoriña" Carré-Lamadon rira amarela de envexa toda a noite:

—¿Sabes?, ás mulleres cando lles gustan os uniformes, sexan franceses ou prusianos tanto lles ten. ¡Vállame Deus! ¡Xesús!

E toda a noite, pola escuridade do corredor, pasaron leves estremecementos, lixeiros ruidos, a penas audibles, coma un alento, un rozar de pés descalzos, imperceptibles estralos. E, seguramente non durmiron ata moi tarde, pois por debaixo das portas viuse unha raiola de luz durante moito tempo. O champaña fai ese efecto; perturba, segundo se di, o sono.

Ó día seguinte un claro sol de inverno facía resplandece-la neve. A dilixencia, enganchada por fin, agardaba á porta e un bando de pombas brancas, empolicadas coas mestas penas, o ollo rosa manchado cun punto negro no medio, paseaban a modo entre as patas dos seis cabalos, buscando a vida entre o esterco fumegante que ían espaxando.

O cocheiro, envurullado nunha pel de ovella, fumaba unha pipa no asento, e tódolos viaxeiros radiantes mandaban empacar rapidamente provisións para o resto da viaxe.

Non faltaba máis ca Bóla de Sebo. Apareceu.

Semellaba un pouco confundida, avergonzada; Avanzou timidamente cara os compañeiros, que, todos ó mesmo tempo, se volveron de costas como se non a viran. O conde colleu con dignidade o brazo da súa dona e apartouna daquel contacto impuro.

A grosa rapaza detívose, atónita; entón, armándose de valor, dirixiuse á muller do manufactureiro cun "bos días, señora" humildemente musitado. A outra fixo coa cabeza un pequeno saúdo impertinente acompañado dunha ollada de virtude aldraxada. Todos semellaban estar moi atarefados, e mantíñanse distantes dela coma se trouxera unha infección nas saias. Despois precipitáronse ó coche onde ela chegou soa, a última, e volveu en silencio á praza que ocupara perante a primeira parte da ruta.

Parecía que non a vían, que non a coñecían; mais a señora Loiseau, considerándoa de lonxe con indignación, díxolle ó seu home a media voz:

—Que sorte que non estou a carón dela.

O pesado coche abalouse, e a viaxe empezou de novo.

Ó comezo ninguén falaba. Bóla de Sebo non ousaba alza-los ollos. Sentíase ó mesmo tempo indignada contra tódolos seus veciños e humillada por ter cedido, lixada polos bicos daquel prusiano ós brazos do cal a empurraran hipocritamente.

Mais a condesa, volvéndose cara a señora Carré-Lamadon, rompeu pronto aquel penoso silencio.

–¿Vostede seica coñece a señora D'Étrelles?

–Si, é amiga miña.

–¡Que muller feiticeira!

–¡Encantadora! Unha muller fóra do común, moi instruída ademais, e artista ata a punta dos dedos; canta de marabilla e debuxa á perfección.

O manufactureiro parolaba co conde, e, entre o estrondo dos cristais do coche xurdía, de cando en cando, unha palabra: " Bonos –vencemento –prima de seguros –prazos."

Loiseau, que furtara o vella baralla da pousada, graxenta de cinco anos de andar por mesas mal lavadas, atacou unha partida coa súa muller.

As monxas colleron os longos rosarios que lles penduraban do van, persignáronse ó mesmo tempo e de pronto os seus beizos comezaron a moverse velozmente, cada vez máis rápido, precipitando o vago murmurio como para unha carreira de *oremus*; e de vez en cando bicaban unha medalla, persignábanse de novo, e volvían a empeza-la salmodia rápida e continua.

Cornudet cavilaba, inmóbil.

Ó cabo de tres horas de ruta, Loiseau recolleu as cartas:

–Hai fame, dixo.

Entón a súa muller alcanzou un paquete, desatouno e sacou un anaco de vitela fría. Cortouno limpamente en toros finos e firmes, e puxéronse os dous a comer.

–¿E se nós fixeramos o mesmo?, dixo a condesa.

Estiveron de acordo e desempaquetou a comida que levaban para os dous matrimonios. Era, nun deses recipientes alongados que teñen na tapa unha lebre de porcelana para indicar que dentro xace unha lebre en *pâté*, un suculento friame, con

brancos lisos de lardo atravesando a carne escura da caza, mesturada con outras carnes finamente picadas. Un grande anaco de queixo de *gruyere*, envolto nun xornal, conservaba impreso na pasta untuosa: "Sucesos".

As dúas monxas sacaron un anaco de salchichón que ulía a allo; e Cornudet, metendo ámbalas dúas mans nos amplos petos do paletó, tirou, nunha catro ovos cocidos e na outra un codelo de pan. Descascou os ovos, botou as cascas ós pés, na palla e púxose a comelos. Caíanlle, na grande barba, migallas de xema amarela clara, que parecían, alí, estrelas.

Bóla de Sebo, coas presas e a axitación con que se erguera, non pensara en nada; ollaba, irritada, sufocada de carraxe, a todas aquelas xentes que comían placidamente. Primeiro, crispada por unha cólera tumultuosa, abriu a boca para reprocharlles a súa acción cun chorro de inxurias que lle viñan á boca; pero non podía nin falar, tanto a sufocaba a ira.

Ninguén a miraba nin se acordaba dela. Sentíase afogada entre o desprezo daquela ruín xente honrada que

a sacrificaran primeiro, rexeitándoa despois coma se fora algo sucio e inútil. Entón pensou no seu grande cesto cheo de ricas vituallas que eles devoraran avidamente, nos dous polos relucentes de xelatina, nos *pâtés*, nas peras, nas catro botellas de burdeos; o seu furor calmouse subitamente coma unha corda demasiado tensa que rompe, e sentiu que ía chorar. Cun esforzo terrible endereitouse, reprimiu os saloucos, coma os nenos, pero o pranto subía, brilláballe nos ollos, e axiña dúas grosas bágoas se desprenderon e rodaron lentamente polas súas meixelas. Seguiron outras máis rápidas, correndo coma as gotas de auga que escorregan polas rochas e caendo regularmente sobre a curva redonda do seu peito. Permanecía tesa, coa ollada fixa, a cara ríxida e pálida, confiando en que non a viran.

Pero a condesa decatouse e avisou ó seu home cun aceno. El encolleu os ombros como dicindo: "Que lle queres, non é culpa miña." A señora Loiseau cun riso silencioso de triunfo, murmurou:

–Chora de vergonza.

Entón Cornudet, que dixería os ovos, estalicou as longas pernas por baixo da banquetta do fronte, reclinou, cruzou os brazos, sorriu coma se pensara en algo chistoso, e púxose a asubia-la Marsellesa.

Tódalas caras se amoucharon. O canto popular, sen dúbida, non gustaba ós seus veciños. Estaban nerviosos, contrariados, e parecía que se ían poñer a ouvear coma os cans cando oen un órgano de man.

El decatouse mais non parou. Por veces mesmo cantaruxaba a letra:

¡Amor da patria sagrada

Conduce, sostén os brazos vingadores,

Liberdade, liberdade amada,

Combate cos teus defensores!

Ían máis rápido agora que a neve estaba máis dura; e ata Dieppe, durante as longas horas sombrías da viaxe, no troupeleo do camiño, na noite que caía, e, logo, na escuridade profunda da carruaxe, continuou el cunha obstinación feroz, o asubío vingativo e monótono, obrigando os espíritos cansados e exasperados a segui-lo canto de principio a fin, a lembrarse de cada palabra que ían aplicando con cada nota.

E Bóla de Sebo seguía a chorar; e ás veces un salouco que non daba contido, pasaba, entre dúas estrofas, polas tebras.